

## Nota Editorial: Descripción deste número

Editores

Cad Aten Primaria  
Ano 2009  
Volume 16  
Páx. 2-2

No **Editorial** deste número a compañeira M<sup>a</sup> Jesús Fernández Silva, presidenta do comité organizador das XIV Xornadas de Medicina de Familia (Ourense 15 e 16 de maio), recórdanos valores do traballo do médico de familia e da importancia da súa transmisión aos residentes. Afirmar, e así o argumenta, que aínda seguimos con ilusión.

A sección **Qué hai de novo en Saúde Pública?**, excelente, fresca e actual, revisa esta vez os conceptos e a situación da tuberculose resistente en Galicia, continúa coa serie sobre a pandemia de gripe e agora afronta o modo de evitar a infección humana. Finaliza a sección presentando as moitas novas da web (<http://dxsp.sergas.es>): Novo protocolo de vixilancia da enfermidade meningocócica, que ven a substituír o publicado en novembro do 2000, Enfermidade Celíaca: Guía de diagnóstico e tratamento de atención primaria a especializada, Materiais de Educación Afectivo-Sexual, Informe Provisional do efectos sobre a saúde das ondas de calor ocorridas no 2008, Folleto sobre a Pediculose,...

Neste número publícanse catro **orixinais**: unha avaliación de calidade de diabetes, un tipo de investigación descoidado nos últimos anos pero importante se queremos introducir melloras reais na práctica clínica, outro traballo que describe as citas de pediatría fóra de axenda e dúas descrições do traballo realizado nos PAC e da idoneidade da demanda asistencial, aspecto que preocupa a moitos facultativos.

**Para saber de...** presenta unha revisión de indicadores craneofaciais de maltrato infantil, un grave problema que debemos ter sempre na cabeza e que non se nos pode despistar. Incluímos tamén nesta sección unha colaboración de enfermaría, unha revisión da malabsorción de fructosa, un problema raro pero fácilmente solucionable con educación sanitaria sobre a dieta que deben seguir estes pacientes.

En **Grupos de Traballo** encontraremos resposta a unha pregunta que se fan sempre os residentes pero que é raro que reciba unha resposta. E menos unha resposta tan clara e concreta. ¿Poden os residentes asinar as altas eles sós?

En **Habilidades e Terapéutica** preséntanse instrumentos útiles para diagnóstico de enfermidade de transmisión sexual (VIH, clamidia),

segue a serie de documentación sobre Ecografía con lesións focais de fígado e un novo traballo sobre Comunicación non verbal.

Unha **Biblioscopia** excelente, na que se repasa a bibliografía máis relevante dos últimos cinco anos para orientarnos no manexo deste problema: revisa desde as políticas recomendadas, a intervención en atención primaria, as utilidades e problemas dos fármacos no manexo da dependencia e as intervencións en grupos específicos como adolescentes, embarazadas e persoas con presenza de factores de risco ou enfermidade cardiovascular.

Continuamos coa sección **Casos Clínicos** xa que sempre é moi ben valorada polos lectores, cun importante componente formativo. Tamén se publica un caso clínico sobre un posible diagnóstico de depresión, cun formato diferente, pero tamén interesante, na sección de **Cartas ao Director**.

En **Colaboración** presentamos un procedemento práctico, remitido polos autores, para intervir e incentivar a prescripción de xenéricos no centro de saúde.

Continuamos tamén neste número coa sección de **Humanidades** na que o director dos museos científicos coruñeses recórdanos que estamos no ano Darwin, preséntanos algunha das actividades e exposicións que se realizarán este ano sobre a obra deste científico, e avanza tamén a celebración do 75 aniversario da morte do que foi, probablemente, o médico galego cunha obra científica máis salientable: Roberto Nóvoa Santos.

Na sección **Espazo para o Debate** recuperamos un artigo de opinión, escrito despois da morte da compañeira de Murcia, que recolle, probablemente, o sentir de moitos dos lectores.

Como sempre, queremos animar ao lector a enviar críticas sobre o material publicado en Cartas ao Director e agradecemos moito todas as suxestións que nos fagan sobre a edición da revista. AGAMFEC desexa ofrecer unha publicación da máxima calidade e utilidade para os profesionais da atención primaria galega e a opinión do lector é sempre a primeira referencia.